

Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta Goberno Local para o 29-01-2018 (XGL 3/2018)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á sesión **Ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar na o **día 29-01-2018, ás 13:30 horas** en **primeira convocatoria**, e de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Asi mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está á súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: 29-01-2018
Convocatoria: Sesión Ordinaria 3/2018	Hora: 13:30

1.- Acta da sesión anterior (15/01/2018). Aprobación

2.- Publicacións boletíns oficiais.

3.- Xulgados e Tribunais.

4.- Resumo de ingresos da recadación municipal. Dación de contas (outubro, novembro e decembro 2017).

5.- Subvencións

5.1.- Subvención para o fomento do emprego 2018 (Servizo de Protección Civil). Solicitud.

5.2.- Subvención dirixida á entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA para o ano 2018. Solicitud.

6.- Programa Apego Inverno de 2018. Aprobación.

7.- Campaña #qrtm8 de fomento do galego. Aprobación.

8.- Programa de actividades da Biblioteca Rego da Balsa e Ludoteca Municipal no primeiro trimestre de 2018. Aprobación.

9.- FormaCIP 2018. Aprobación prezo público.

10.- Convenios.

10.1. Convenio AGADIC 1º semestre 2018. Aprobación do gasto.

11.- Vaos

11.1.- Reserva de espazo de aparcamentos. Cambio de titularidade vao 247.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2018/G007/000003

11.2.- Reserva de espazo de aparcamentos. Cambio de titularidade vao 319.

12.- Licenza de obra

12.1.- Instalación dun ascensor nun edificio existente na rúa Pontevedra, 7. Expte. 2017/U022/000067.

12.2.- Instalación dun ascensor nun edificio sito na rúa Alfredo Brañas, 10. Expte. 2017/U022/000075.

12.3.- Construción dunha nave industrial destinada a almacén de materiais e ferramentas para a construción. Parcela G10, Parque empresarial de Bértoa. Expte. 2017/U022/000050.

12.4.- Modificación dun edificio de uso comercial na rúa Vázquez de Parga, rúa Esquíó e rúa Concepción Arenal. Expte. 2017/U022/000087.

13.- Proxectos de execución.

13.1.- Proxecto de excución de rehabilitación de vivenda en Ramil, Rus. Expte. 2017/U022/000032.

14.- Expedientes de contratación. Adxudicación

14.1.- Contrato administrativo de servizos de "Redacción do Plan Especial de Ordenación do Núcleo Rural de Pedra do Sal e Protección do seu entorno" (SAT 34/2017).

14.2.- Contrato administrativo de obras de "Rutas sen barreiras en itinerarios peonís escolares (Concello de Carballo)" (OBR. 29/2017) incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) Adicional 1/2016 da Deputación Provincial da Coruña.

15.- Rogos e preguntas.

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario

D. José Villán Fuertes